

Tras os



VIEIROS

de

Florencio



FANTOCHES BAJ



A compañía Fantoques Baj afrontará para o 2022 a montaxe dun novo espectáculo no que se reflicta a vida, a obra e a poética de Florencio Delgado Gurriarán (1903 -1987). Como xa fixo Fantoques Baj noutros espectáculos que versaban sobre poetas (*O asombro* (2010) sobre Uxío Novoneyra ou *PULP* (2016) sobre Lois Pereiro) as estratexias comunicativas pasan por mesturar textos en prosa que narran os sucesos máis significativos da vida do autor mesturados con poemas. Neste caso contamos cun documento excepcional sobre a vida de Florencio D. Gurriarán que é a longa entrevista que concede a Dolores Pla en Agosto de 1979 na súa casa de Guadalaxara (México) para o “Archivo de la Palabra”. Nesta entrevista Florencio vai debullando os sucesos máis importantes da súa vida desde os seus primeiros anos en Córghomo, (Vilamartín de Valdeorras) pasando polos anos da 2ª República de activismo político a favor do galeguismo, a loita durante a Guerra Civil e o posterior exilio a México, onde vivirá ata os seus últimos días sacando a diante unha familia e unha obra poética tan interesante como a realizada cando vivía en Galicia, así como unha profunda participación no activismo cultural do exilio mexicano, no que participou, entre outras cousas, como codirector das revistas Saudade e Vieiros.

Nesta entrevista latexan as cuestións que conmovían, preocupaban ou facían gozar a Florencio e que teñen tamén unha presenza indubidable na súa poesía. Estas cuestións podemos englobalas, a grosso modo, en tres grandes bloques temáticos. Dos que nós, para dar visualización a todo o seu quefacer poético, pretendemos recitar poemas que se inscriben nos tres eixos:

1. Da poesía patriótica a prol do galeguismo e da normalización lingüística recitaremos: *Preguntade a calquer neniño pera...*, *Alvariño* e *Galicia Infinda*
2. Da poesía festiva e paisaxística os poemas sobre *Córghomo de Valdeorras*, *In vino veritas*, *Nomes*, *Son Jarocho*, *Casoiro*, *Xarabe Tapatío* e *Conto sinxelo*
3. E da poesía intimista: *Hai sede na nova Galicia*, *O viaxeiro* e un fragmento da súa tradución ao galego do *Cemiterio Mariño* de Paul Valery.

Tres aspectos nos chamaron a atención da poesía de Florencio D. Gurriarán que nos gustaría tiveran presenza no noso espectáculo.

- En primeiro lugar o extraordinario coidado da lingua, usando moitos termos propios da variedade dialectal do bloque oriental, o que axuda a achegarnos máis a unha paisaxe e a unha idiosincrasia concreta que podemos emprazar na comarca de Valdeorras, e tamén topónimos e palabras típicas da Guadalaxara mexicana onde viviu.

- En segunda lugar a musicalidade dos seus poemas urdido co cancionero tradicional de Galicia e cos ritmos típicos do folclore veracruzano. Por iso neste espectáculo a banda sonora vai ter moita importancia e para compoñela usaremos temas tradicionais grabados polo guitarrista Antonio Bravo, especialista no “Cancionero Gallego” de Bal y Gay, compositor lucense que tamén estivo exiliado en México.

- En terceiro lugar chamounos a atención o imaxinativa que é moita da súa poesía conseguindo insuflar vida e humanizar o mundo inanimado. Estas personificacións pretendemos imitalas neste noso espectáculo de teatro de obxectos facendo que un conxunto de frascos de farmacia e de botellas pousadas nunhas caixas con area poidan axudar ao espectador a visualizar a paisaxe das adegas de Córghomo de Valdeorras, o volcán de Paricutín, os convidados dunha voda, unha noite de baile ou un cemiterio...

SINOPSE

Na década dos 60, logo duns días exercendo de visitador farmacéutico pola contorna de Guadalajara, Florencio D. Gurriarán chega a casa canso, cheo de sede e cargado co seu maletín de visitador. Ante a presenza inesperada dos espectadores describe o seu día a día de axente comercial pola rexión véndose a si mesmo como unha especie de Ulises. Pouco a pouco, axudándose dos elementos que leva no maletín e embargado pola saudade, van aflorando as lembranzas do seu Córghomo natal, a guerra, a chegada ao seu país de acollida e algúns momentos festivos.

FICHA TÉCNICA

Autor dos textos: Florencio Delgado Gurriarán

Dramaturxia: Inacio Vilariño

Escenografía e posta en escena: Inacio Vilariño

Sonoplastia: Temas do “Cancionero Gallego” de Bal y Gay e do folclore mexicano interpretados e gabados por Antonio Bravo

Actor: Inacio Vilariño no papel de Florencio D. Gurriarán.

Espacio escénico: 4m de boca x 2m de fondo x 2,5m de alto

As primeiras imaxes da montaxe:



